



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte n.º: 3101/2017

PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 07/17

Vista a necesidade de executar neste exercicio 2017 investimentos de reposición destinados á pavimentación de estradas de titularidade municipal, tanto rurais como urbanas, incluíndo a dotación de cunetas ou de muros de contención cando sexa necesario, así como calquera outras melloras que se precisen, de acordo co detalle que se recolle na Memoria da Alcaldía.

Visto que na aplicación orzamentaria 1532.61900 non existe crédito orzamentario para o custe de dito investimento.

Visto que é posible a financiación deste investimento con unha operación de endebedamento a longo prazo de acordo co apartado b) do artigo 50 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe da Intervención municipal que figura no expediente.

Proponse ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o crédito extraordinario num. 07/17, por un importe total de 120.000,00 €, coa finalidade seguinte:

- INVESTIMENTOS DE REPOSICION DESTINADOS Á PAVIMENTACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS URBANAS E RURAIS

APLICACIÓNS DE GASTOS:

PROGRAMA	ECONOMICA	DENOMINACION	IMPORTE
1532	61900	Vías públicas. Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	120.000,00 €

O medio de financiamento será unha nova operación de endebedamento a longo prazo polo importe de investimento:

SUBCONCEPTO DE INGRESOS:

SUBCONCEPTO	DENOMINACION	IMPORTE
91300	Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fora do sector público	120.000,00 €

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

SEGUNDO.- Autorizar a concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo polo importe do crédito extraordinario, que se poderá instrumentar mediante póliza de crédito con unha duración máxima de dous anos, transcorrida a cal consolidarase como operación a longo prazo polo con un periodo de amortización máximo de 20 anos, polo importe efectivamente disposto.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para a tramitación e adxudicación da operación de endebedamento que financia este crédito extraordinario nos termos previstos no punto SEGUNDO deste acordo.

CUARTO.- Expoñer ao público este expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A Pobra do Caramiñal,
O Alcalde
José Luis Piñeiro García